



Vicerreitoría de Estudantes  
e Relacións Internacionais  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Estimado/a Decano/a, Director/a:

Achégolle, xunto con este escrito, unha copia das seguintes convocatorias:

- 4ª convocatoria de axudas da Universidade da Coruña para estudantes gañadores de Olimpíadas Científicas.
- 5ª edición de premios Universidade da Coruña á excelencia académica no bacharelato.

Solicítolle que lles dea a maior difusión posible entre os alumnos do seu centro.

Aproveito a ocasión para enviarlle un cordial saúdo.

A Coruña, 30 de setembro de 2009  
A vicerreitora de Estudantes e RR.II.

Mª José Martínez López



## **4ª CONVOCATORIA DE AXUDAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA ESTUDANTES GAÑADORES DE OLIMPIADAS CIENTÍFICAS**

### **CURSO ACADÉMICO 2009/2010**

A Universidade da Coruña, co fin de fomentar as actividades de extensión universitaria como medios de promoción do coñecemento e co fin de incentivar a calidade na formación do estudantado que acceda por primeira vez a estudos universitarios, fai pública a 4ª convocatoria de axudas para as persoas clasificadas en primeiro, segundo ou terceiro posto das Olimpíadas de Bioloxía, Física, Matemáticas e Química, nas súas fases local, autonómica ou nacional.

#### **1.- OBXECTO DAS AXUDAS.**

O obxecto desta convocatoria consiste en recoñecer a labor realizada polo estudantado nas diversas fases das Olimpíadas Científicas das áreas de Bioloxía, Física, Matemáticas e Química, nas súas fases local, autonómica ou nacional, premiando os resultados dos primeiros, segundos e terceiros clasificados.

#### **2.- REQUISITOS.**

Poderán solicitar a axuda da Universidade da Coruña aqueles estudantes que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Terse matriculado por primeira vez no presente curso académico 2009-2010 en calquera das titulacións oficiais impartidas nos Centros Propios da Universidade da Coruña.
- b) Ter finalizado os estudos de bacharelato no curso 2008-2009
- c) Ter participado e terse clasificado no 1º, 2º ou 3º posto de calquera das fases local, autonómica ou nacional dalgunha das Olimpíadas Científicas (Bioloxía, Física, Matemáticas e Química) celebradas ao longo do curso 2008-2009.

#### **3.- FORMA E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

O estudante deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude na que consten os datos persoais do interesado, segundo o modelo que se poderá recoller no Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante, na Administración dos diferentes Centros da Universidade ou na páxina web da Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais, <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/veri/>
- b) Fotocopia do D.N.I.
- c) Copia do resgardo de matrícula do presente curso 2009/2010.
- d) Certificación académica do expediente de bacharelato expedido polo centro educativo no que o estudante solicitante cursou os seus estudos.
- e) Certificado acreditativo da condición de gañador, 2º ou 3º clasificado da fase local, autonómica ou nacional dalgunha das Olimpíadas Científicas (Bioloxía, Física, Matemáticas e Química).

O prazo de presentación de solicitudes será o comprendido entre o día 1 de outubro e

o día 31 de outubro de 2009, ata ás 14:00 horas. As solicitudes entregaranse no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Rúa Maestranza, 15001 A Coruña), Rexistro do Campus de Elviña (Casa do Lagar, 15071 A Coruña), ou no Rexistro do Campus de Ferrol (Rúa Dr. Vázquez Cabrera, Esteiro. 15403 Ferrol).

#### **4.- PROCEDIMIENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS ADXUDICATARIOS.**

O estudo das solicitudes presentadas e a selección dos adxudicatarios será efectuada pola Comisión de Extensión Universitaria delegada do Consello de Goberno. Unha vez comprobado que os solicitantes cumpren os requisitos establecidos no apartado 2 da convocatoria, procederase a selección, utilizándose como criterio único de selección o terse clasificado no posto 1º, 2º ou 3º dalgunha das olimpíadas, variando a contía da bolsa en función do posto acadado.

#### **5.- NÚMERO DE BOLSAS, DOTACIÓN ECONÓMICA E FINANCIAMENTO.**

Concederanse un máximo de 12 axudas, repartidas do seguinte xeito:

- 4 axudas, por un importe de 630 euros, para cada un dos gañadores dalgunha das fases das olimpíadas científicas referidas nesta convocatoria.

- 4 axudas, por un importe de 420 euros, para cada un dos 2º clasificados.

- 4 axudas, por un importe de 315 euros, para cada un dos 3º clasificados.

O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 9870.422D.480.03.09 "OUTRAS BOLSAS A ESTUDANTES".

Ao importe bruto da bolsa seralle de aplicación o previsto no Real Decreto Lexislativo 3/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O pagamento efectuarase nun único pago.

#### **6.- ÓRGANOS COMPETENTES.**

A selección será realizada pola Comisión de Extensión Universitaria delegada do Consello de Goberno (Anexo III).

#### **7.- NATUREZA DA RELACIÓN COA PERSOA SELECCIONADA.**

As persoas seleccionadas non adquiren ningunha relación laboral nin administrativa coa Universidade da Coruña, nin implica compromiso en canto á posterior incorporación da persoa interesada ao seu cadro de persoal.

#### **8.- INCOMPATIBILIDADES.**

Estas axudas serán incompatibles cos Premios Universidade da Coruña á Excelencia Académica no Bacharelato.

#### **9.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.**

Estas axudas serán resoltas no prazo dun mes, a contar dende a finalización do prazo para a presentación de solicitudes, concederanse mediante resolución administrativa da Presidenta da Comisión, a Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais. Dita resolución farase pública na páxina web da Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais e no taboleiro de anuncios do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante. Contra esta resolución poderá interpoñerse consonte o artigo 114 da Lei 30/1992, recurso de alzada perante o Reitor da Universidade da Coruña.



A Coruña, 30 de setembro de 2009



Vicerreitoría de Estudantes  
e Relacións Internacionais  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**4ª CONVOCATORIA DE AXUDAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
PARA ESTUDANTES GAÑADORES DAS OLIMPIADAS CIENTÍFICAS**

**CURSO ACADÉMICO 2009/2010**

**SOLICITUDE DE INSCRICIÓN**

NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

ENDEREZO DURANTE O CURSO: \_\_\_\_\_

POBOACIÓN: \_\_\_\_\_ CÓDIGO POSTAL: \_\_\_\_\_

D.N.I. núm.: \_\_\_\_\_ TELÉFONO: \_\_\_\_\_

CENTRO ONDE ESTÁ MATRICULADO: \_\_\_\_\_

TITULACIÓN: \_\_\_\_\_

OLIMPIADA CIENTÍFICA A QUE CONCURRIU: \_\_\_\_\_

FASE A QUE CONCURRIU: \_\_\_\_\_

CLASIFICACIÓN OU POSTO ACADADO NA OLIMPIADA : \_\_\_\_\_

A CORUÑA/FERROL, \_\_\_\_\_ DE \_\_\_\_\_ DE 2009

ASDO.: \_\_\_\_\_

**DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE A SOLICITUDE**

- |  |  |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> Fotocopia D.N.I.                          | <input type="checkbox"/> Certificación académica expediente bacharelato        |
| <input type="checkbox"/> Copia resguardo matrícula curso 2009/2010 | <input type="checkbox"/> Certificado acreditativo posto acadado nas Olimpíadas |

**SRA. VICERREITORA DE ESTUDANTES E RELACIONES INTERNACIONAIS**

## ANEXO III

### COMISIÓN DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

#### COMPOSICIÓN

##### VICERREITORES:

**LUÍS CAPARRÓS ESPERANTE**

Vicerreitor de Cultura e Comunicación

**MARÍA JOSÉ MARTÍNEZ LÓPEZ**

Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais

##### SECTOR PROFESORES:

**XOSÉ MANUEL CASABELLA LÓPEZ**

Escola Técnica Superior de Arquitectura

**XURXO DOPICO CALVO**

Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

**XULIO FERREIRO BAAMONDE**

Facultade de Dereito

**MERCEDES REGUEIRO DIEHL**

Facultade de Filoloxía

##### SECTOR ESTUDANTES:

**IRIA VARELA PARAFITA**

Escola Universitaria de Deseño Industrial

**JOSÉ MARÍA CASTRILLO NEIRA**

Escola Técnica Superior de Arquitectura

##### SECTOR P.A.S.:

**JOSÉ FELIPE FERNÁNDEZ LÓPEZ**

Centro de Documentación e Arquivo – Campus de Elviña

**XOSÉ MANUEL PORTELA FERNÁNDEZ**

Reitoría



## **5ª EDICIÓN DE PREMIOS UNIVERSIDADE DA CORUÑA Á EXCELENCIA ACADÉMICA NO BACHARELATO CURSO 2009/2010**

### **1.- OBXECTO DOS PREMIOS.**

O obxecto é recoñecer o esforzo e dedicación dos alumnos e alumnas que teñan alcanzado resultados académicos excelentes no seus estudos de bacharelato, premiando aqueles que teñan os mellores expedientes e que formalizaren matrícula en calquera das titulacións oficiais que se imparten nos Centros Propios da Universidade da Coruña no curso académico 2009-2010.

### **2.- CONDICIÓN DAS PERSOAS SOLICITANTES.**

Poderán solicitar os Premios Universidade da Coruña á excelencia académica no bacharelato todos aqueles estudantes que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter finalizado os estudos de bacharelato no curso académico 2008/2009 en calquera centro educativo recoñecido pola administración educativa en todo o territorio nacional.
- b) Nota media do expediente académico de bacharelato igual ou superior a 8.00. Non se terán en consideración aquelas solicitudes cunha media de expediente inferior á sinalada.
- c) Terse matriculado por primeira vez no curso académico 2009-2010 en calquera das titulacións oficiais impartidas nos centros propios da Universidade da Coruña.

### **3.- DOCUMENTACIÓN.**

O estudante deberá presentar a seguinte documentación:

a) Solicitud na que consten os datos persoais do interesado, segundo o modelo que se poderá recoller no Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE, Coruña e Ferrol), na administración dos diferentes centros da Universidade ou na páxina web da Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/veri/>

b) Fotocopia do DNI

c) Copia do resgardo de matrícula do presente curso 2009/2010.

d) Certificación académica do expediente de bacharelato expedido polo centro educativo no que o estudante solicitante cursou os seus estudos.

e) Copia da tarxeta das probas de aptitude para o acceso á Universidade, na que constan as cualificacións do estudante, a nota media do expediente, cualificación das probas de acceso e cualificación definitiva.

#### **4.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo de presentación de solicitudes será o comprendido entre o día 1 de outubro e o día 30 de outubro de 2009, ata ás 14:00 horas. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Rúa Maestranza, 15001 A Coruña), no Rexistro do Campus de Elviña, (Rexistro Auxiliar de Elviña, Casa do Lagar, 15071 A Coruña), ou no Rexistro do Campus de Ferrol (Rúa Dr. Vázquez Cabrera, Esteiro, 15403 Ferrol).

#### **5.- PROCEDEMENTO E CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS.**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais procederá a convocar ao xurado dos premios. O xurado, unha vez comprobado que as persoas solicitantes cumpren os requisitos establecidos no apartado 2 da presente convocatoria de Premios, avaliará as solicitudes presentadas. Concederáse un máximo dun Premio por titulación, séndolle outorgado ao estudante que teña o mellor expediente académico de bacharelato de entre todos aqueles solicitantes que no presente curso académico 2009-2010 se matricularen por primeira vez na Universidade da Coruña e na devandita titulación. No caso de empate, utilizaráse como criterio dirimente a cualificación do estudante nas Probas de Aptitude para o Acceso á Universidade.

#### **6.- XURADO DOS PREMIOS.**

A Comisión de Extensión Universitaria delegada do Consello de Goberno, presidida pola Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, actuará como Xurado dos Premios Universidade da Coruña á Excelencia Académica no Bacharelato, facendo a oportuna proposta de concesión ao Consello de Goberno da Universidade. O xurado poderá propoñer a declaración de deserto dalgún dos premios. (Composición Anexo III).

#### **7.- NÚMERO DE PREMIOS, DOTACIÓN ECONÓMICA E FINANCIAMENTO.**

Concederáse un máximo de 41 premios, un por cada titulación oficial da Universidade da Coruña.

O premio consistirá nun diploma acreditativo do mesmo, expedido polo Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, e unha dotación económica de 769 euros brutos, que se aboará mediante cheque bancario a nome do interesado. Ao importe bruto do premio seralle de aplicación o previsto no Real Decreto Lexislativo 3/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A concesión do premio figurará no expediente académico do alumno e farase constar fidedignamente.

O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 9870.422D.480.03.03 "BOLSAS EXCELENCIA. CURSO 2009/2010 - VICERREITORIA DE ESTUDANTES E RELACIONES INTERNACIONAIS".


## 8.- RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN E ENTREGA DOS PREMIOS.

Unha vez realizada a avaliación das solicitudes, o xurado levantará acta e elevará proposta de Resolución da concesión ao Consello de Goberno da Universidade, órgano que decidirá ao respecto antes do día 22 de decembro. Trala súa aprobación polo Consello de Goberno, farase pública na páxina web da Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais e nos taboleiros de anuncios dos Centros a relación nominal das persoas que obtiveran os premios. Asemade, procederase a unha notificación individual aos estudantes premiados.

O acto de entrega dos premios correspondentes a esta 5ª Edición de Premios Universidade da Coruña á Excelencia Académica no Bacharelato terá lugar o día 28 de xaneiro de 2010, con motivo da Festividade de Santo Tomás de Aquino.

## 9. EFECTOS DOS PREMIOS.

A obtención dun Premio Universidade da Coruña á Excelencia Académica no Bacharelato non producirá máis efectos cos establecidos na presente convocatoria.

 na, 30 de setembro de 2009

## ANEXO III

### COMISIÓN DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

#### COMPOSICIÓN

##### VICERREITORES:

**LUÍS CAPARRÓS ESPERANTE**  
Vicerreitor de Cultura e Comunicación

**MARÍA JOSÉ MARTÍNEZ LÓPEZ**  
Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais

##### SECTOR PROFESORES:

**XOSÉ MANUEL CASABELLA LÓPEZ**  
Escola Técnica Superior de Arquitectura

**XURXO DOPICO CALVO**  
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

**XULIO FERREIRO BAAMONDE**  
Facultade de Dereito

**MERCEDES REGUEIRO DIEHL**  
Facultade de Filoloxía

##### SECTOR ESTUDANTES:

**IRIA VARELA PARAFITA**  
Escola Universitaria de Deseño Industrial

**JOSÉ MARÍA CASTRILLO NEIRA**  
Escola Técnica Superior de Arquitectura

##### SECTOR P.A.S.:

**JOSÉ FELIPE FERNÁNDEZ LÓPEZ**  
Centro de Documentación e Arquivo – Campus de Elviña

**XOSÉ MANUEL PORTELA FERNÁNDEZ**  
Reitoría